



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es
CIF: P-1501200-H

EXPEDIENTE 2022/C004/000003 PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS 2022

Trámite: informe sobre a necesidade da contratación

1 Táboa de características do contrato

Tipo de contrato:	Contrato de servizos
Obxecto do contrato:	<ul style="list-style-type: none">- Selección do persoal que formaran parte de dúas brigadas (6 peóns + 2 peóns condutores + 2 capataces).- Formar e contratar ao persoal.- Realizar os recoñecementos médicos obrigatorios.- Equipamento necesario para incendios e para levar a cabo os traballos silvícolas.- Poñer a disposición da brigada dun vehículo todo terreo, facéndose cargo do combustible- Equipamento de ferramentas necesarias para extinción de incendios así como para levar a cabo os desbroces manuais, facéndose cargo do combustible- Dispor dunha persoa encargada da xestión das brigadas (responsable técnico).- Realizar as labores de brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.- Realizar as labores de roza que se recollen no convenio (mínimo 10,43 ha).
Tipo de procedemento	Aberto simplificado (artigo 159.1 da LCSP)
Tramitación:	Ordinaria
CPV:	CPV-75251100-1 Servizos de extinción de incendios CPV-75251110-4 Servizos de prevención de incendios
Descrición:	Servizos de traballos de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención no Concello de Boqueixón ao abeiro do convenio de colaboración asinado coa Consellería de Medio Rural.
Valor estimado do contrato (IVE excluído):	32.231,40 €
Orzamento base de licitación (IVE incluído):	39.000,00 €
IVE a soportar pola Administración (10 %):	6.768.60 €
Importe modificacións (20%):	0,00 €
Importe posibles prórrogas:	0,00 €
Importe total:	39.000,00 €
Aplicación orzamentaria:	170.227.99
Descrición:	
Exercicio:	2022
Documento retención de crédito (RC):	
Importe da RC:	39.000,00 €

Data de publicación no perfil do contratante:	Día seguinte ao da sinatura do contrato administrativo
Finalización do prazo de presentación de ofertas:	Non aplica
Prazo de execución:	Semana Santa

2 Xustificación da necesidade da contratación e insuficiencia de medios

De conformidade co artigo 28.1 da LCSP 2017, as entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais, polo que deberá xustificarse no expediente de contratación a necesidade e idoneidade do contrato.

As entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, competencias en materia de protección do medio ambiente, protección civil e prevención e extinción de incendios . Deste xeito o obxecto do contrato, incardínase dentro do proceso administrativo para a prestación de servizos administrativos básicos que deben prestar as entidades locais, tal como dispón o art. 25 da LBRL.

A razón que xustifica a contratación é a necesidade de xestionar as competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais en colaboración coa Xunta de Galicia, establecendo as medidas preventivas que facilitan a loita contra o lume e que sirvan así mesmo para a posta en valor da potencialidade produtiva, ecolóxica e social do monte galego como base do desenvolvemento sustentable do medio rural, en exercicio dos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Trátase da prestación dun servizo que implica un conxunto de traballos e especialización que son inasumibles polo persoal e recursos propios do concello, o que fai necesaria a contratación externa, xa que o concello non conta nin con radio nin diario municipal.

3 Obxecto do contrato

O indicado na táboa de características do contrato.

4 CPV

O indicado na táboa de características do contrato

5 Órgano de contratación

O órgano de contratación competente é a Alcaldía (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

Esta competencia da Alcaldía está delegada na Xunta de Goberno Local (Resolución da Alcaldía 208/2019 do 3 de outubro publicada no BOP n.º 192 do 9 de outubro de 2019).

6 Non división en lotes

En canto á división en lotes o artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público determina que *sempre que a natureza ou o obxecto do contrato o permita, deberá preverse a realización independente de cada unha dos seus partes mediante a súa división en lotes, podéndose reservar lotes de conformidade co disposto na disposición adicional cuarta.*

Non se prevé a división en lotes do obxecto do contrato porque a realización independente das diversas prestacións, comprendidas no obxecto do contrato, dificultaría a correcta execución do mesmo, conforme indica o artigo 99 da vixente Lei 9/2017, xa que a administración dos recursos e a coherencia na toma de decisións que require a execución do servizo son elementos a ter en conta para un eficaz desenvolvemento do contrato. Así mesmo o compoñente de unidade tamén se basea na aplicación de mesmos métodos, protocolos e sistemas que elevan o nivel de eficiencia do servizo. A non división do contrato por lotes contribúe por economía de escala, dimensión crítica e



optimización de recursos (tendo en conta que sería un único interlocutor co que resolver as diferentes situacións que se poidan presentar na execución normal do servizo), a unha mellora na distribución e asignación técnica-económica da execución da obra.

Queda xustificado por tanto que este órgano de contratación aprecia que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultarán a correcta execución do mesmo desde un punto de vista técnico, organizativo e económico, ademais da xa citada dimensión dos recursos empregados.

7 Prezo do contrato, valor estimado e orzamento de licitación

Os sinalados na táboa de características do contrato.

O valor estimado calculouse conforme ao que establece o artigo 101 da LCSP. Este valor é a suma do orzamento base de licitación, así como as eventuais modificación e, no seu caso, prórroga ou outras opcións, nos termos establecidos neste PCAP

O IVE (imposto sobre o valor engadido) que corresponde aplicar é do 21 % (Lei 37/1992, do 28 de setembro, do imposto sobre o valor engadido)

8 Consignación orzamentaria

Consta consignación orzamentaria na aplicación orzamentaria indicada na táboa de características do contrato polo importe da RC

9 Solvencia técnica e económica

Exímese aos licitadores de acreditar a solvencia técnica y financeira y técnica o profesional

10 Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira

Polo seu coste, a intervención proposta non alterará a estabilidade orzamentaria e a sostibilidade financeira.

11 Lugar e modo de prestación

Concello de Boqueixón

12 Responsable do contrato

Juan Manuel Corral Sánchez – Coordinador de Obras e Servizos do Concello de Boqueixón

13 Prazo de execución do contrato

3 meses a firma do contrato

14 Prazo de garantía ou xustificación do seu non establecemento

Non se establece pola natureza da prestación do servizo.

15 Garantías esixidas para contratar

En base al art. 159.6 f) de la Lei de contratos del Sector Público, no se requerirá a constitución de garantía definitiva al tratarse de un procedemento aberto simplificadoísimo

16 Pago do prezo

O prezo do contrato será satisfeito contra a presentación de factura ou facturas axustadas ós requisitos esixidos regulamentariamente, sendo a Alcaldía, previos os informes técnicos procedentes, o órgano competente para a súa aprobación.

A contratista terá a obrigaón de presentar a factura electrónica que haxa expedido polas obras realizadas no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FACe) a efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a tramitación da mesma.

Para os efectos da súa presentación os datos son:

Unidade tramitadora: L01150124 Secretaría-Intervención

Oficina contable: L01150124 Tesourería

Órgano xestor: L01150124 Concello de Boqueixón

17 Selección do contratista

Pola contía trátase dun contrato menor e ten carácter administrativo de servizos ao amparo do disposto nos artigos 13, 16 e 18 da Lei 9/2017, de contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

O contrato cualifícase de menor en función da contía do mesmo [valor estimado (prezo sen IVE) que non supera os 15.000 € e a duración (non supera o ano)].

18 Conclusións

Polo expresado, considérase xustificada a necesidade de tramitar o procedemento de contratación da prestación cuxo obxecto exprésase polo procedemento sinalado.

Boqueixón, na data da sinatura dixital

Responsable do contrato: Juan Manuel Corral Sánchez